

Limiar

María do Cebreiro Rábade e Dolores Vilavedra

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RÁBADE, MARÍA DO CEBREIRO E DOLORES VILAVEDRA (2012 [2012]). “Limiar”. *Grial*, 194: 13-15. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2255>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RÁBADE, MARÍA DO CEBREIRO E DOLORES VILAVEDRA (2012). “Limiar”. *Grial*, 194: 13-15.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



Novas olladas sobre Rosalía de Castro

Sección coordinada por
María do Cebreiro Rábade
e **Dolores Vilavedra**

Limiar

MARÍA DO CEBREIRO RÁBADE
DOLORES VILAVEDRA

Esta sección monográfica é o resultado dun traballo vinculado ao proxecto de investigación “Unha análise da obra narrativa de Rosalía de Castro: fundamentos teóricos e metodolóxicos” (Axudas para proxectos de investigación básica do Programa de promoción xeral da investigación do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica da Xunta de Galicia, 10PXIB204239PR).

Este monográfico de GRIAL pretende, por unha banda, potenciar de maneira xenérica (e pensando no medio e longo prazo) a sempre precisa renovación dos estudos rosalianos e, por outra, achegar novas contribucións a esa renovación, útiles para quen nestes intres están a centrar o seu labor investigador na autora e a súa obra. Xa que logo, o número ofrece tanto traballos de rosalianistas clásicos como traballos das novas xeracións investigadoras. E isto porque entendemos que esa urxente renovación debe facerse sen esquecer a vizosa tradición do rosalianismo, ou aínda máis, en diálogo estreito con ela, pois hai de certo nese ronsel contribucións fundamentais, que inspiraron novas interpretacións da obra rosaliana, intres fulcrais no seu coñecemento que non podemos nin debemos esquecer¹.

O monográfico é ecléctico no relativo ás cuestión metodolóxicas, porque consideramos que esa diversidade reflicte o imperante no eido dos estudos rosalianos, no que nos últimos tempos se experimentaron importantes avances auspiciados polas Universidades da Coruña, de Vigo e de Santiago de Compostela, pero tamén por outras foráneas, como poden ser as de Barcelona, Liverpool ou Bangor. Cómpre non esquecer que Rosalía de Castro non é só a máis indiscutida figura canónica da nosa literatura contemporánea, senón a autora galega con máis presenza, directa ou indirecta, nas universidades estranxeiras. Velaí como proba o artigo de Catherine Davies, que incide nun tema —o das viaxeiras inglesas por Galicia— que xa comezou a ser abordado nestes últimos anos por investigadoras británicas como Kirsty Hooper². Mais do interese crítico por Rosalía de Castro no ámbito internacional dan fe non só os traballos pioneiros de Davies, Poullain ou March, ben coñecidos no noso ámbito, senón tamén os de Stevens Shelley, Susan Kirkpatrick, Lou Charnon-Deutsch, Wadda Ríos-Font, Deanna Johnson-Hoffman, Elisabeth Rousselle ou Olga Rivera. E esa vocación de proxeción internacional amósaa asemade o volume de estudos *Rosalía 21* que, ao coidado de Anxo Angueira, e publicado en 2009, ofrece os textos en versión trilingüe (galego, inglés e castelán).

Hai dous argumentos que ilustran a conveniencia de profundar nun mellor coñecemento da obra rosaliana. En primeiro lugar, a ausencia dunha biografía rigorosa da escritora, sen dúbida dificultada polas innumerables lagoas que afectan ao coñecemento de datos determinantes para a comprensión da súa vida, aínda que recentemente producisen importantes avances neste ámbito (nomeadamente, grazas ás infatigables pescudas de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda). Nesta tarefa de reconstrución histórica da vida da poeta e das súas relacións literarias, pensamos que cómpre ter en

◀ Monumento a Rosalía de Castro no paseo da Ferradura en Santiago de Compostela. Obra de Isidro de Benito e Francisco Clivilles, 1917

Onde o rayo al peñasco en el monte
 A la nave en el mar la tormenta
 En el aire, el alcon prende al pájaro
 Y en el mar, en el aire, en la tierra
 Todos prenden y aoran al nombre
 De ^{estruendo} ~~degradación~~ ~~acurrido~~ y pobresa

conta ademais o labor de edición do epistolario de Rosalía de Castro e de Manuel Murguía, emprendido por Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos, así como recentes investigacións, tal como a de Diego Pardo Amado sobre a relación entre a obra da escritora e o estatuto xurídico das mulleres en Galicia no século XIX. Ademais, en Editorial Galaxia acaba de ver a luz unha biografía de Manuel Murguía elaborada polo profesor Barreiro, e que sen dúbida achegará datos de grande interese para unha mellor comprensión da vida da autora.

En segundo lugar, a carencia igualmente rechamante dunha edición crítica e anotada, con criterios actuais, e de carácter tanto lingüístico como literario, establecida sobre o total da súa obra. Nesta liña, o artigo de Monserrat Ribao sobre a biblioteca rosaliana revela aínda como materia pendente unha análise pormenorizada dos materiais que poida achegar o Fondo Gala Murguía, depositado na Real Academia Galega.

O proxecto dunha edición actualizada da obra completa de Rosalía de Castro, acometida con criterios fiables desde o punto de vista filolóxico, vese dificultada por moi diferentes motivos. Un deles é a escaseza de manuscritos que permitan testemuñar a natureza dos seus procesos de escritura, escaseza que ten, como sabemos, a súa orixe na queima *post mortem* de case todos os seus inéditos.

A diferenza do que acontece con outros escritores, e fronte á omnipresenza social da súa iconografía, a imaxe da escrita rosaliá, e a natureza do seu proceso de escritura, son aspectos relativamente descoñecidos polo público. Moitos dos seus lectores poden aínda preguntarse como era a letra de Rosalía. Tamén se a autora sementaba as follas de borranchos, ao modo de Flaubert, ou

limitaba as súas correccións ao imprescindible. Se tiña o hábito de asistir aos obradoiros tipográficos para supervisar o proceso de edición, ou se, unha vez impresa a obra, acometía persoalmente o labor de revisión das galeradas. O estudo de cuestións coma estas achegou claves moi notables na análise da obra dalgúns escritores do século XIX. No caso de Rosalía dispoñemos dunha base documental relativamente minguada, aínda que substancial, como os escasos manuscritos reproducidos por Juan Naya ou Carballo Calero e a serie de estudos sobre os inéditos, autógrafos e escritos non coleccionados da autora, aparecidos xeralmente baixo o título “Escritos non coleccionados de Rosalía Castro”, na sección “Textos y documentos” da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* desde o ano 1944 até inicios dos anos cincuenta do pasado século. No proceso de reconstrución do *usus scribendi* de Rosalía de Castro resultan tamén de moita axuda, aínda que deben tomarse con prevención e distancia crítica, os testemuños indirectos —e a miúdo contradictorios— sobre o proceso de composición literaria e editorial dos seus libros.

Na nosa opinión, os avances futuros nos estudos rosalianos, aos que este monográfico quere modestamente contribuír, deben producirse, en primeiro lugar, afondando na súa internacionalización, condición que, por outra banda, é intrínseca á propia historia do rosalianismo e os seus fitos, como o Congreso Internacional de 1985 organizado polo Consello da Cultura Galega (cuxas *Actas*, publicadas en 1986, marcarían un verdadeiro punto de inflexión na articulación crítica dos estudos rosalianísticos), ou as constantes traducións de Rosalía a diversas linguas (dende o inglés ao xaponés). Os artigos que se reúnen aquí queren ser fieis a esa condición, tanto polos temas

Aquí vive o romanceiro e os amigos
Aquí vive a tua casa e os teus mabales
E a alá de vida me comencia,
Ora de pena me comenzo acá.

Manuscritos poéticos rosalianos. *Inéditos de Rosalía*, de Juan Naya. Patronato Rosalía de Castro, 1953

abordados como polo ámbito de traballo das persoas que os asina, que pertencen a universidades galegas (Vigo, Santiago), británicas (Nottingham) e estadounidenses (Maine, Nova York).

Por outra banda, cómpre non perder de vista o que os estudos rosalianos teñen de construción teórica e historiográfica. Nesta liña, estamos convencidas de que a revisión crítica da propia tradición do rosalianismo (como fai Davies neste artigo coa célebre conferencia de Vales Faílde) permitirá dotalo dunha mellor articulación epistemolóxica. A rendibilidade do feminismo como un dos vectores máis produtivos no acceso á literatura rosaliana xa quedou abondo demostrada, así como a súa utilidade para reformular categorías críticas fundacionais da historiografía do século XIX peninsular e europeo tales como romantismo, realismo ou costumismo. As achegas fundacionais neste vieiro de investigadoras como Camiño Noia, Carmen Blanco, Pilar García Negro, María Xosé Agra ou María Xosé Queizán (cuxa *Festa da Palabra Silenciada* vén de lle dedicar a Rosalía de Castro o seu último número) iríanse actualizando cos traballos de Helena González, María Reimóndez ou Olga Castro. Trátase, logo, de vieiros teóricos e metodolóxicos nos que, pola súa elevada rendibilidade, consideramos preciso seguir a afondar. Finalmente, non queremos deixar de sinalar a necesidade de revisar as etiquetas xenéricas que tradicionalmente se lle apuxeron á produción rosaliana (tal e como fai Pilar García Negro en *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*) e a urxencia de integrar dialecticamente o estudo da poesía e da narrativa da escritora, asumido na bibliografía crítica dos últimos anos—velaí o último libro de Francisco Rodríguez, *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a per-*

soa e a obra de onte a hoxe)— e que o monográfico ilustra por medio das achegas de Kathleen March ou de María López Sández.

Achégase a conmemoración en 2013 do sesquicentenario de *Cantares gallegos*, e estamos certas de que vai desencadear unha merecida morea de eventos conmemorativos; pero estámolo tamén da necesidade de superarmos a dinámica de efemérides que ás veces semella o único motor da nosa cultura, e de que a mellor garantía de futuro do estudos rosalianos é a actividade que nestes intres están a desenvolver diversos grupos de investigación, como o que acolle as coordinadoras deste número monográfico: ao estímulo intelectual, a complicidade e o apoio de Fernando Cabo Aseguinolaza, Margarita García Candeira, Kirsty Hooper, María López Sández, Helena Miguélez-Carballeira, Manus O'Duibhir e Mirta Suquet, débense os méritos que esta achega poida ter ■

1. Sen ánimo de exhaustividade, poderíamos invocar aquí as achegas de Fermín Bouza Brey, Ricardo Carballo Calero, Alberto Machado da Rosa, Benito Varela Jácome, Claude Henri Poullain, Marina Mayoral, Kathleen March, Catherine Davies, Xesús Alonso Montero ou Aurora López e Andrés Pociña. Da magnitude do interese despertado pola escritora e a súa obra ao longo do tempo dan boa proba os tres volumes de documentación biográfica e bibliografía crítica reunidos polos profesores López e Pociña: só unha figura da importancia de Rosalía podería alentar un labor desa magnitude. Na mesma liña, a *Revista de Estudos Rosalianos*, promovida pola Fundación Rosalía de Castro, pretende reflectir e divulgar os froitos científicos dese interese.

2. Véxase o seu artigo “As viaxeiras británicas a Galicia e a poesía de Rosalía de Castro”, publicado en 2010 no número 11 da *Festa da Palabra Silenciada*.